

LEIS E CONCEPTOS

Problema 0296: Un coñecido anticoncelante ten o 38,71% de C, 9,68% de H e o resto de O. Calcula a súa fórmula molecular se unha disolución acuosa do 20,0% en masa ten un punto de fusión de -7,5°C.

Para 100g de producto:

$$n_C = \frac{m}{M_m} = \frac{38,71 \text{ g}}{12 \text{ g/mol}} = 3,226 \text{ mol C} \quad \frac{3,226}{3,226} = 1$$

$$n_H = \frac{m}{M_m} = \frac{9,68 \text{ g}}{1 \text{ g/mol}} = 9,68 \text{ mol H} \quad \frac{9,68}{3,226} = 3$$

$$\% \text{ O} = 100 - (38,71 + 9,68) = 51,61$$

$$n_O = \frac{m}{M_m} = \frac{51,61 \text{ g}}{16 \text{ g/mol}} = 3,226 \text{ mol O} \quad \frac{3,226}{3,226} = 1$$

A fórmula empírica será: $(\text{CH}_3\text{O})_n$

O descenso do punto de fusión dunha disolución é:

$$\Delta t_c = K_c \cdot m$$

sendo:

K_c = A constante crioscópica do disolvente

m = molalidade da disolución

Supoñemos 100g de disolución, 20g de soluto e 80g de auga

$$\Delta t_c = K_c \cdot m = K_c \cdot \frac{n_s}{M_d} = K_c \cdot \frac{m_s}{M_m \cdot M_d}$$

$$M_m = \frac{K_c \cdot m_s}{\Delta t_c \cdot M_d} = \frac{1,86 \frac{\text{°C} \cdot \text{kg}}{\text{mol}} \cdot 20 \text{ g}}{7,5 \text{ °C} \cdot 0,080 \text{ kg}} = 62 \text{ g/mol}$$

Para coñecer a fórmula molecular calculamos quantas veces está contida a masa da fórmula empírica na masa molecular.

$$n(12 + 3 \cdot 1 + 16) = 62 \quad n \cdot 31 = 62 \quad n = 2$$

A fórmula molecular é $\text{C}_2\text{H}_6\text{O}_2$